

# **CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE**

**EXTRACTO da Resolución do 28 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral da Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras das axudas do programa Emega para o fomento do emprendemento feminino en Galicia, susceptibles de ser financiadas con fondos REACT-UE no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria no ano 2021 (código de procedemento SI429A).**

## **Persoas beneficiarias**

Poderán ser beneficiarias das axudas do programa Emega as empresas privadas formadas por mulleres que inicien a súa actividade económica ou formalicen os seus plans de reactivación e/ou mellora no período comprendido entre o 1 de agosto de 2020 e a data do fin do prazo de presentación de solicitudes, sempre que cumpran todas as condicións erquisitos comúns e os específicos da correspondente liña ou tipo de axuda previstos nasbases reguladoras.

Debe tratarse de empresas coa categoría de micro ou pequenas empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten: empresarias individuais, sociedades civís ou sociedades mercantís, incluídas as sociedades laborais e as cooperativas de traballo asociado.

## **Obxecto**

As axudas concédense en réxime de concorrencia competitiva e teñen por obxecto apoiar e fomentar o emprendemento feminino en Galicia e a creación de emprego, por conta propria e por conta allea, para mulleres.

O programa Emega comprende as seguintes liñas e axuda complementaria

- a) Liña Emprende: liña de axudas económicas mediante incentivos para promover a posta en mar-chá de novas iniciativas empresariais
- b) Liña Activa: liña de axudas económicas mediante incentivos para favorecer a reactivación, consolidación e mellora de empresas para paliarunha situación económica adversa e acadar o necesario equilibrio empresarial para asegurar a súa pervivencia e consolidación no actual contexto económico
- c) Liña ITEF: liña de axudas económicas mediante incentivos para impulsar a implantación de iniciativas empresariais de carácter innovador, con contido científico ou con base tecnolóxica
- d) axuda complementaria Concilia: co obxecto de promover a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, en dúas modalidades: concilia-promotoras e concilia-persoas traballadoras por conta allea.

## **Importe das axudas**

A contía das axudas establecése en función da liña solicitada e do número de postos de traballo xerados para mulleres, por conta propia e por conta allea, de acordo co seguinte:

- a) Liña Emprende: incentivos desde 10.000 € ata 22.000 €.
- b) Liña Activa: incentivos desde 8.000 € ata 17.000 €.
- c) Liña ITEF: incentivos desde 18.000 € ata 42.000 €.
- d) Axuda complementaria concilia:
  - Concilia-promotoras: incentivo de 3.000 €.
  - Concilia-persoas traballadoras por conta allea: incentivos desde 1.000 € a 5.000 €.

## **Prazo de presentación:**

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia do 14 de xullo de 2021*.

Mais información:

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20210714/AnuncioG0599-290621-0001\\_gl.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20210714/AnuncioG0599-290621-0001_gl.pdf)